

Concello Soutomaior



**REGULAMENTO DE RESERVAS E USO DAS PISTAS DE TENIS E PADEL DO
CONCELLO DE SOUTOMAIOR
2014**

Artigo 1º.- Obxecto:

Constitúe o obxecto do presente, a regulación de reservas e uso das pistas de tenis e padel, sitas no barrio da Montesiña (Soutomaior), ó abeiro do disposto nos artigos 4, 25, 84 e 85 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local e 31 e ss. do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Artigo 2º.- Forma de xestión:

O servizo de reservas e uso das pistas de tenis e padel realizarase en réxime de xestión directa pola Coordinadora Deportiva do Pavillón Municipal de deportes.

Artigo 3º.- Acceso e disfrute do servizo:

1.- Tódolos/as cidadáns teñen dereito a acceder e a usar as pistas de padel e tenis en condicións de igualdade, con suxeición ás normas que contén este regulamento e ás instrucións que na súa aplicación diten os encargados/as da xestión do servizo.

2.- A utilización das pistas axustarase ás condicións da autorización e ós horarios aprobados.

Artigo 4º.- Condicións de uso e reserva, obrigas e responsabilidades dos/as usuarios/as:

1.- As reservas para a Pista de Tenis poderán ser modalidade simple (1 hora) ou modalidade dobre (2 horas). (Dentro das franxas horarias marcadas).

As reservas para as Pistas de Padel serán de unha 1 hora e trinta minutos.

(Dentro das franxas horarias marcadas)

Cada persoa non poderá facer máis de unha reserva diaria.

As reservas faranse a nome dunha persoa.

As reservas poderán ser prorrogadas si ó finalizar non existe demanda da instalación.

2.- Ó facer as reservas de pistas, deberá comunicarse o nome e apelidos do/a solicitante facendo constar si están ou non empadroados no Concello de Soutomaior .

3.- As reservas de pistas poderán facerse como máximo de 7 en 7 días.

O prazo para anular unha reserva será como máximo de 24 horas antes do horario solicitado.

4.- Os prezos das reservas para os partidos da Liga Social de Padel e de Tenis non terán validez para os fin de semana ou festivos, quedan excluídos os meses de xullo e agosto e faranse exclusivamente no Pavillón de Deportes.

5.- Os/as solicitantes non poderán reservar pista para dous días consecutivos có mesmo horario.

6.- Os/as solicitantes non poderán realizar unha segunda reserva ata finalizar a primeira nin facer uso das instalacións en horarios consecutivos (excepto si ó finalizar non existe demanda da instalación).

7.- As reservas dos/as menores de idade deben realizalas presentando unha autorización firmada polo pai/nai ou tutor/a (válido ata a súa revocación) e deberán, para acceder á instalación, estar presente unha persoa maior de idade que se responsabilice deles durante todo o tempo que permanezan no interior do recinto.

8.- A reserva de pista farase de forma persoal ou por Internet e dentro do horario que se estableza, do seguinte xeito:

- Setembro a xuño no Pavillón municipal de "A Montesiña".
- Xullo e agosto na caseta de Turismo do Peirao de Arcade.
- Por Internet na paxina do Concello www.soutomaior.com

Para a reservas por Internet deberase cubrir no Pavillón Municipal unha ficha de inscrición indicando: Nome e apelidos, número carné identidade, dirección, teléfono, correo electrónico, empadroadado ou non no Concello de Soutomaior e unha clave persoal

En ningún caso se farán reservas de pista por teléfono.

9.- O pago das taxas correspondentes implica o uso das instalacións polas persoas para as que foron emitidas. Estas persoas serán as responsables do uso da instalación. Para as reservas por internet poderanse adquirir bonos para varias reservas.

10.- Para Tenis no interior do Pavillón Municipal aplicaranse as tarifas da propia instalación.

11.- Os/as menores de idade empadroados terán unha bonificación do 50% no prezo das taxas en horario diurno (sen necesidade de luz artificial) sempre que tódolos/as que ocupen a pista sexan da mesma condición de idade e empadroados.

12.- Para usar estas instalacións será obrigatorio o uso de roupa, calzado e material de xogo axeitado a modalidade deportiva da pista. Non está permitido xogar sen camiseta ou en bañador.

13.- Cando se celebren cursos ou campionatos organizados ou patrocinados polo Concello, as reservas quedarán supeditadas ó desenrolo dos horarios de ditas competicións.

14.- Transcorridos 10 minutos da hora prevista na reserva da pista, si esta non foi ocupada, entenderase que renuncian á mesma (sen dereito a devolución de taxas), podendo adxudicarse a un/ha novo/a solicitante.

15.- É obrigatorio conservar e mostrar, se lle é solicitado polo persoal da instalación, o recibo de reserva de instalación deportiva.

16.- Cando para o uso da pista sexa necesario a entrega da chave da instalación, deberán depositar unha fianza de 5 € que é recuperable si se devolve antes dos seguintes 10 días. En caso contrario, perderase dito depósito. A fianza renovarase ó solicitar novamente reserva de pista.

17.- En horario nocturno, deben de solicitar, xunto coa reserva, a ficha de encendido das luces artificiais.

18.- Cando se atope aberto o Pavillón Municipal poderá facerse uso dos vestiarios e aseos.

19.- No interior das pistas, só poderán permanecer un máximo de 4 persoas, excepto cursos e escolas deportivas.

20.- Os/as xogadores/as soamente poderán introducir nas pistas bebidas (non alcohólicas) en botellas de plástico.

21.- Queda prohibido (dentro das pistas) fumar, comer e o consumo de chicles, pipas e similares.

22.- O Concello de Soutomaior declina toda responsabilidade por accidente, que poida sobrevir pola práctica deportiva (que non estén encadrados nas "Escolas Deportivas) nas súas instalacións.

Coa solicitude de reserva de instalación deportiva os/as usuarios/as aceptan baixo a súa enteira responsabilidade ou a dos seus pais ou fitores/as, no seu caso, o risco que puidera derivarse da práctica deportiva.

Artigo 5º.- , Infraccións o Regulamento

1.- As infraccións o presente regulamento serán sancionadas pola Xunta de Goberno local previo informe da Coordinadora Deportiva do Pavillón Municipal e despois de dar audiencia (se así o solicita) ao presunto infractor.

O incumprimento das obrigas que se deriven da condición de usuario poderá ser considerado falta, e sancionado conforme ao previsto no presente Regulamento.

Considéranse faltas as seguintes:

- Causar danos de forma voluntaria á instalación, ao material ou ao mobiliario co que están equipadas.
- Acceder as instalacións sen reserva
- Calquera outra que perturbe o correcto funcionamento das actividades
- Incumplir o presente regulamento en calquer dos seus apartados.

2.-Sancións: En función da gravidade do acontecido, establecendo faltas leves e graves.

As faltas leves poderán ser sancionadas con apercibimentos por escrito, ou a perda da condición de usuario por un período de sete a trinta días.

A reiteración de faltas leves considerátese como falta grave.

As faltas graves poderán ser sancionadas coa perda da condición de usuario por un período superior a trinta días ampliando este marxen se a gravidade da falta cometida, fixéseo necesario.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o no previsto neste Regulamento estarase ó disposto tanto no Regulamento de Servicos das Corporacións Locais, como en calquera outra disposición con competencia na materia.

Someter a información pública as modificacións referidas no regulamento mediante a publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións, as modificacións do Regulamento considerarase aprobado definitivamente e aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2014

Fraxas Horarias:

Padel:

9,30-11,00	11,00-12,30	12,30-14,00	14,00-15,30	15,30-17,00	17,00-18,30	18,30-20,00
20,00-21,30	21,30-23,00	23,00-00,30				

Tenis:

10,00-12,00	12,00-14,00	14,00-16,00	16,00-18,00	18,00-20,00	20,00-22,00	22,00-24,00
-------------	-------------	-------------	-------------	-------------	-------------	-------------

TAXAS TENIS - 2014

	Tempo	Hora Diurna
Empadroados	1 H	2,00 €
	2 H	4,00 €
Non Empadroados	1 H	3,00 €
	2 H	6,00 €
Liga Social	1 H	2,00 €
	2 H	3,00 €

- Ficha encendido das luces artificiais: **2 € / Hora**

TAXAS PADEL - 2014

	Tempo	Hora Diurna
Empadroados	1,30 H	3,00 €
Non Empadroados	1,30 H	5,00 €
Liga Social	1,30 H	3,00 €

- Ficha encendido das luces artificiais **3 € / Hora e media**